



Ribadavia, 8 de Marzo de 2018

Boas noites,

Debido á metereoloxía adversa anunciada para esta fin de semán, vémonos na obriga de modificar o programa de actividades previsto de xeito que se decidiu o seguinte:

1. Aplazar os traballos de desbroce, limpeza e reposición de sinais para o sábado 17 de Marzo. Concentración ás 9:00 h. na Area Recreativa do Campo de Fútbol de San Cristovo (Límite Inferior do Couto de Pesca de Ribadavia). Os socios que teñan desbrozadora realizarán labores de desbroce nos accesos e postos de pesca principais, nas localidades de San Cristovo, Beade e Vieite. O resto de socios adicaránse a recoller basura e repoñer sinais.

2. O **sorteo dos permisos** mantéñese para este **sábado día 10** no Local Social de San Cristovo pero **será ás 16:30 h.** en lugar das 20:00 h. previstas inicialmente. Os permisos escollidos non serán entregados ata o sábado 17.

Solo poderán acceder á primeira rolda do sorteo os socios que cumplan algún dos seguintes requisitos:

- Ter participado nos traballos de mantemento do Couto durante a tempada anterior.
- Comprometerse a participar na xornada de traballo do sábado 17 de Marzo.
- Ser menor de idade.

O resto de socios poderán participar na 2ª e 3ª rolda do sorteo. Por último quería comunicar que estamos recibindo ingresos de cuotas de socio nos que non figuran os datos da persoa que se quere facer socia. Si é vostede algún deles ou coñece a alguén que puidera selo pregolle nos confirme de quen se trata e nos confirme os datos o antes posible.

Agradezo a súa comprensión e espero que estes cambios non perturben demasiado os seus plans. Un saúdo

Gabriel Fernández  
Presidente ADN Pesca Ribadavia  
699954985 - [gabriel@adnpescaRibadavia.es](mailto:gabriel@adnpescaRibadavia.es)